

O legado cultural de Victorino Abente y Lago (1846-1935) no Paraguai: “o primeiro intérprete do sentimento nacional”

Philip Duncan Webb¹

Recibido: 23 de maio de 2019 / Aceptado: 15 de decembro de 2019

Resumo. Primo carnal de Pondal e tío e sogro de Gonzalo López Abente, a importancia do poeta e xornalista Victorino Abente y Lago (1846-1935) non é menor que a dos seus parentes ilustres. Juan O’Leary, o gran ideólogo do nacionalismo paraguaio, nun artigo de 1923 cualificaría Abente y Lago como o “patriarca de nuestra poesía” e “el primer intérprete del sentimiento nacional”. A presente contribución pretende rescatar a memoria dun persoero –por diversos motivos esquecido tanto no Paraguai como na súa Galicia natal– que tivo un papel fundamental no desenvolvemento das letras paraguaias a finais do século XIX e principios do XX, e tamén na propia formación teórica da nacionalidade paraguaia. Neste senso, a obra de Abente y Lago pode considerarse como unha proxección tanxible, aínda que non recoñecida, da cultura galega fóra e lonxe das fronteiras de Galicia. A análise organízase en tres seccións nas que se deliñan primeiro os antecedentes historiográficos detrás do presente estudo, os trazos da vida do poeta e o contexto histórico paraguaio, e en segundo lugar os contidos e os significados da súa composición máis coñecida, *La Sibila paraguaya* (1886), máis o seu acollemento por parte dos contemporáneos de Abente. Finalmente, na terceira sección falaremos da influencia posterior desta obra sobre a literatura e o pensamento paraguaios a principios do século XX.

Palabras chave: emigración; literatura; poesía; nacionalismo; Paraguai; Victorino Abente y Lago.

[es] El legado cultural de Victorino Abente y Lago (1846-1935) en Paraguay: “el primer intérprete del sentimiento nacional”

Resumen. Primo carnal de Pondal y tío y suegro de Gonzalo López Abente, la importancia del poeta y periodista Victorino Abente y Lago (1846-1935) no es menor que la de sus parientes ilustres. Juan O’Leary, el gran ideólogo del nacionalismo paraguayo, en un artículo de 1923 calificaría a Abente y Lago como el “patriarca de nuestra poesía” y “el primer intérprete del sentimiento nacional”. La presente contribución pretende rescatar la memoria de un personaje –por diversos motivos olvidado tanto en Paraguay como en su Galicia natal– que tuvo un papel fundamental en el desarrollo de las letras paraguayas entre fines del siglo XIX y principios del XX, así como también en la propia formación teórica de la nacionalidad paraguaya. En este sentido, la obra de Abente y Lago puede considerarse como una proyección tangible, aunque no reconocida, de la cultura gallega fuera y lejos de las fronteras de Galicia. El análisis se organiza en tres secciones en las que se delinearán primero los antecedentes historiográficos del presente estudio, los rasgos de la vida del poeta y el contexto histórico paraguayo; y en segundo lugar los contenidos y los significados de su composición más conocida, *La Sibila paraguaya* (1886), además de su recepción por parte de los contemporáneos de Abente. Finalmente, en la tercera sección abordaremos la influencia posterior de esta obra sobre la literatura y el pensamiento paraguayos a principios del siglo XX.

Palabras clave: emigración; literatura; poesía; nacionalismo; Paraguay; Victorino Abente y Lago.

[en] The Cultural Legacy of Victorino Abente y Lago (1846-1935) in Paraguay: “The First Interpreter of National Sentiment”

Abstract. First cousin to Pondal, uncle and father-in-law to Gonzalo López Abente – the importance of the poet and journalist Victorino Abente y Lago (1846-1935) is equal to that of his most well-known relatives. Juan O’Leary, the great theorist of Paraguayan nationalism, in an article in 1923 described Abente y Lago as the “patriarch of our poetry” and “the first interpreter of national sentiment”. This contribution aims to recover the memory of a person –for

¹ Doutorando en Historia Contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela. Membro do grupo de investigación “Histamérica” (GI-1661) e da Asociación Española de Americanistas.
Correo-e: philip.webb@rai.usc.es / philipduncanwebb@gmail.com; <https://orcid.org/0000-0002-4365-7649>.

various reasons forgotten both in Paraguay and in his native Galicia— who played a fundamental part in Paraguayan literary development in the late nineteenth and early twentieth centuries, as well as in the very construction of Paraguayan nationality. In this sense, the works of Abente y Lago can be defined as a tangible though unrecognised projection of Galician culture far beyond its borders. This analysis is organised into three sections. Firstly we examine the secondary literature underlying this study, the basic outline of the poet's life and the Paraguayan historical context, and secondly the contents and meanings of his most famous composition, *La Sibila paraguaya* (1886), as well as how it was received by his contemporaries. Finally, in the third section we summarise the later influence of this poem upon Paraguayan literature and thought at the beginning of the twentieth century.

Keywords: Emigration; Literature; Poetry; Nationalism; Paraguay; Victorino Abente y Lago.

Sumario. 1. Introducción. 2. Antecedentes, contexto histórico e biografía mínima. 3. *La Sibila paraguaya* (1886): o poema e a súa recepción. 4. O legado cultural de Victorino Abente y Lago. 5. Conclusión. 6. Referencias bibliográficas.

Como citar: Webb, P. D. (2020): “O legado cultural de Victorino Abente y Lago (1846-1935) no Paraguai: «o primeiro intérprete do sentimento nacional»”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 23 Núm. Especial, pp. 349-359.

1. Introducción

O presente artigo ofrece unha interpretación da vida e obra de Victorino Abente y Lago (Muxía, 1846 - Asunción, 1935), un emigrante galego que chegou a ser un dos poetas máis relevantes no desenvolvemento histórico da literatura paraguaia. O artigo divídese en tres apartados. No primeiro presentamos algunhas informacións biográficas acerca de Abente y Lago, a súa experiencia migratoria e carreira xornalística no país de destino, máis unha visión sinóptica das condicións socio-políticas do Paraguai a finais do século XIX. Estes apuntamentos son imprescindibles para contextualizar a análise posterior da obra e impacto deste autor, concretamente de *La Sibila paraguaya* (1886), a súa composición de máis renome, articulada no segundo apartado en termos dos seus contidos e a súa recepción inmediata na sociedade. A terceira sección versa sobre a influencia cultural que exercerían Abente y Lago e *La Sibila paraguaya* a longo prazo, sobre todo con referencia ao seu status de precursor e fonte de inspiración para o nacionalismo paraguaio no século XX.

Concluimos aseverando que o interese histórico-literario de Victorino Abente y Lago non se esgota neste primeiro achegamento, nin dende a perspectiva da historiografía galega nin

da paraguaia, sendo o seu obxecto de estudo un factor apreciable na historia cultural daquel país suramericano. Ao contrario, esta achega debería ser o comezo dun proceso máis amplo de indagación que incorpore métodos provenientes da historia, das teorías migratorias e da filoloxía.

2. Antecedentes, contexto histórico e biografía mínima

Como antecedentes ao presente contributo, contamos con apenas un puñado de referencias a Victorino Abente y Lago na historiografía e nos estudos literarios. O diplomático paraguaio Silvano Mosqueira foi un dos primeiros autores en analizar os efectos da inmigración española posterior á independencia (1811), xa non soamente dende a contemporaneidade senón tamén con olo de historiador. O seu ensaio *Los españoles en el Paraguay* publicouse dúas veces: en Madrid na *Revista de la Unión Ibero-Americana* (1917) e, nunha versión abreviada, xunto con outros textos de Mosqueira, nunha recompilación de 1930. Este ensaio, cuxo argumento central é que no seu país “idioma, religión, usos y costumbres, todo contribuye a que el español considere al Paraguay como una extensión de la propia patria, un pedazo de la España misma”, inclúe Abente y Lago entre o seu elenco de inmigrantes ilustres, referíndose a el como o “primer poeta nacional” (Mosqueira 1930: 113).

Outra achega inicial vén da pluma de Ave-lino Rodríguez Elías, quen exerceu de cónsul do Paraguai en Vigo entre 1916 e 1936 antes de exiliarse en Asunción, perseguido pola represión franquista. O folleto titulado *Un poeta galaico paraguayo* publicouse en 1943, e Rodríguez Elías fai nel un resumo do lugar reservado para Abente y Lago na historia cultural daquel país, onde “pulsa la lira castellana, produciendo composiciones muy inspiradas y de un acendrado paraguayismo”, polo cal “los literatos paraguayos le consideraron uno de los suyos” (*apud* Abente y Lago 1984: 449).

Otras dúas contribucións proveitosas apareceron a mediados dos anos oitenta. Josefina Plá, intelectual canaria residente durante moitas décadas no país, fai algunhas apreciacións acerca da figura de Abente y Lago no seu importante ensaio *Españoles en la cultura del Paraguay* (1985). Entre outras consideracións, Plá describe como, alén da súa ampla obra poética, este inmigrante muxián se converteu no maior crítico de teatro na Asunción

finisecular con comentarios “siempre medidos y a menudo galantes” (Plá 1985: 116). As súas recensións teatrais reflectían os gustos da época, moldeándoos e refinándoos á vez.

O labor historiográfico de Plá seguramente se vía facilitado pola publicación anterior dunha extensiva *Antoloxía poética* de Victorino Abente y Lago (1984), compilada por un dos netos do poeta: Cándido Samaniego Abente. Froito de dous anos de investigación arquivística, a *Antoloxía* reúne máis de duascenas composicións orixinalmente espalladas nas columnas de diferentes periódicos entre 1867 e 1926 –as cales deben de constituír a meirande parte da súa obra en verso–, amais de varios artigos e ensaios sobre Abente y Lago que datan da primeira metade do século XX, como é o caso do citado texto de Avelino Rodríguez Elías. Á parte da utilidade destes documentos como fontes primarias, tamén sinalamos a sucinta pero penetrante introdución do crítico arxentino-paraguaio Raúl Amaral que dá comezo á *Antoloxía*. Esta aclara certas cuestións relacionadas co impacto que puido ter a poesía de Abente sobre posteriores xeracións de artistas.

O protagonista aquí estudado tamén se tratou de maneira tanxencial noutros ámbitos de pesquisa. Ricardo Carballo Calero menciónao brevemente na súa *Historia da literatura galega contemporánea* (1975), basicamente na súa calidade de curmán de Pondal e tío (e máis tarde sogro) de Gonzalo López Abente. Carballo alude a algunhas das exiguas obras de Abente y Lago que se editaron en lingua galega: *Lembranzas e Virxen da Guía*, as cales se incluíron na *Literatura galega* de Eugenio Carré Aldao (1911). No campo dos estudos migratorios, no ano 2016 ofrecemos unhas reflexións acerca do poema *Mis dos patrias*, composto por Abente y Lago en 1907, nunha palestra titulada “La emigración galega a Paraguai (1870-1932): familia, identidade y cultura en un país de destino atípico” e presentada no XVII Congreso Internacional de la Asociación Española de Americanistas (Webb 2019). Finalmente, o historiador Bruno Félix Segatto (2016) cita

Abente y Lago polo seu traballo xornalístico na redacción de *La Voz del Pueblo* durante as inmediatas secuelas da Guerra da Tripla Alianza (1864-1870).

As interpretacións dos autores que vimos citando representan unha base sólida e útil para o actual estudo. Non obstante, pola importancia cuantitativa e cualitativa da súa obra e pola repercusión que tivo Abente y Lago como crítico, xornalista e sobre todo como poeta Nacional –engadimos a maiúscula adrede– no Paraguai a finais do século XIX e principios do XX, consideramos que é merecedor dun tratamento historiográfico e lingüístico máis profundo do que se produciu até agora. Isto quere dicir que as nosas conclusións non deberían tomarse como definitivas. A obra de Abente y Lago é un acervo histórico-literario practicamente ignorado hoxe en día, e precisa dun proceso de pesquisa, lectura e re-lectura, interpretación e re-interpretación. Este suposto é o que pretendemos demostrar a través do presente contributo.

Antes de profundar nunha análise do seu legado cultural, xulgamos conveniente aducir algúns trazos biográficos de Victorino Abente y Lago e bosquexar de modo resumido o contexto no que o dito legado se consolidaba. Nado o 2 de xuño de 1846, Abente y Lago marchou da súa vila natal de Muxía a finais de 1866 en desobediencia aos seus pais, os cales querían que o seu fillo seguise a carreira eclesiástica (Abente y Lago 1984: 5). Un testamento tácito da tristura que lle supoñía este rompemento familiar é a tradución ao castelán de *Adiós ríos, adiós fontes* (1864) de Rosalía de Castro que o emigrante realizou durante a longa travesía a Cuba, incluída erroneamente como composición propia na súa *Antoloxía poética* (1984: 304-306)². En calquera caso, o distanciamento non foi permanente. Relativamente pouco despois, o seu irmán Victoriano trasladouse ao Paraguai –a onde Victorino chegara pasando dende Cuba ao Río da Prata– e posteriormente estableceuse como terratenente gandeiro no Departamento de Concepción, no norte do país (Llano 2003: 146). Ademais, Victorino volvería a Muxía en

² É de supor que Victorino, de moi curta idade aínda, coñeceu Rosalía de Castro en 1853 cando ela pasara a festa da Barca na casa familiar dos Abente en Muxía. O máis probable é que tamén estivese presente Eduardo Pondal, cuxa nai era unha irmá de Leandro, o pai de Victorino (Carballo Calero 1975: 245). Leandro Abente e Manuela del Lago tiveron seis fillas e tres fillos. Desta prole, actualmente o fillo máis coñecido talvez sexa o médico militar Ezequiel Abente y Lago, cuxa biografía traza Hansen 2008, e cuxos apelidos leva o Hospital Abente y Lago na cidade da Coruña dende o ano 1998.

1884 e 1907, quedando entre un e dous anos en cada ocasión, e na segunda destas visitas unha das súas fillas, Balbina Abente Myskowski, casaría con Gonzalo López Abente.

Volvendo ao ano 1869, logo dunha tempada en Bos Aires, Victorino Abente y Lago chegou á capital paraguaia no emprego da subministración militar arxentina. Cara a finais da Guerra da Tripla Alianza, as forzas armadas de Arxentina e Brasil ocupaban gran parte do territorio do país derrotado. Esta ocupación (1869-1876) sería a porta de entrada ao Paraguai para un grupo pioneiro de inmigrantes estranxeiros, entre eles persoas oriúndas de España como o vasco Ramón Zubizarreta ou o catalán Ricardo Brugada, que, igual que Abente y Lago, durante a posguerra desempeñarían un importante papel na política e no que podería denominarse a ‘esfera cultural’ da literatura, da prensa e da educación (Amaral 1980: 6).

A capacidade dos inmigrantes para ascender nesta esfera foi resultado de varios factores. A Guerra da Tripla Alianza provocou a morte de aproximadamente o setenta por cento da poboación –dos varóns adultos sobre todo (Morales Raya 15: 119)³. Alén diso, tardarían en dar froito os primeiros avances no sistema educativo, notablemente a fundación do Colegio Nacional en 1877 e a Universidad Nacional en 1889. Cara a 1921, por exemplo, a taxa de analfabetismo aínda alcanzaba o sesenta por cento (Rivarola 2010: 200). Por isto, quedaban moi poucos cidadáns paraguaios especializados e tecnicamente preparados para levar a cabo a ‘rexeneración’ das institucións públicas na posguerra. A necesidade concomitante da chegada de inmigrantes cun certo nivel de formación explica o estadista José Segundo Decoud (que si se beneficiou dunha esmerada educación no exilio bonaerense) no seu folleto *Cuestiones político-económicas* (1877):

El Paraguay que carece de artesanos, mecánicos, agricultores, ingenieros, juris-consultos, estadistas y naturalistas, debe procurar por todos los medios posibles la afluencia de la inmigración, combatiendo esas preocupaciones absurdas contra el extranjero, propaladas por los tiranos de este

país [los López]. Así la falta de hombres podrá ser suplida perfectamente por aquellos, para mejorar nuestro estado intelectual y moral, cuya rendición hoy no puede ser más deplorable. Es preciso convencerse que ninguna nación se ha civilizado por sí. (*apud* Teijeiro Martínez 1882: 28)

Ao mesmo tempo, en contraposición aos anteriores gobernos nacionalistas de José Gaspar Rodríguez de Francia (1814-1840), Carlos Antonio López (1844-1862) e Francisco Solano López (1862-1870), unha de cuxas principais características fora a férrea defensa da independencia e autosuficiencia nacionais fronte á presión centralizadora de Bos Aires (e en certas épocas intentando circunvalala baixo os auspicios do Imperio Británico), o proxecto estatal da posguerra tendería a orientar o Paraguai paulatinamente cara ao modelo arxentino de ‘civilización’. Isto consistía na liberalización económica, a produción masiva de produtos agrícolas para a exportación, a construción de ferrocarrís e outras infraestruturas modernas, a concorrencia de traballadores europeos e a substitución de hábitos e costumes nativos pola supostamente superior produtividade e iniciativa destes inmigrantes (Caballero Campos 2013: 33).

Por tanto, a finais do século XIX a clase alta, intelectualmente ‘liderada’ en certo modo por José Segundo Decoud, atopábase aberta e disposta a absorber a cultura e os coñecementos dos estranxeiros que chegasen ás súas praias. As maiores cohortes de inmigrantes neste período serían as de arxentinos, italianos e españois. A influencia dos españois destacaría especialmente no eido da cultura, e o colectivo actuaba cun notable ‘espírito de corpo’ (Plá 1985: 104), plasmado en manifestacións materiais como a Sociedad Filantrópica Española (1870), a Sociedad Española de Socorros Mutuos de Asunción del Paraguay (1873), o Cementerio Español (1874), o Centro Español (a primeira noticia que temos deste é un *Brindis* proferido en 1887 por Abente y Lago), *El Correo Español* (xornal fundado a finais da década de 1880) ou o Partido Republicano

³ A tese de doutoramento que citamos sobre a inmigración catalá durante este período abarca un estudo pomenorizado dos efectos económicos desta ondada de inmigrantes, sobre todo do seu impulso comercial nun país tradicionalmente precapitalista. Este factor migratorio non é menos importante que o aspecto cultural. É máis, Victorino Abente y Lago efectivamente estaba involucrado en distintas empresas comerciais e financeiras, como a casa de remates “Gaset y Abente” durante a década de 1870 ou o Banco Territorial del Paraguay nos primeiros anos do século XX (Beraud 1904: 30).

Español (1903). Esta solidariedade étnica sen dúbida axudaba a que os inmigrantes optasen por permanecer ao longo prazo e adaptarse ás condicións aciagas dun país desbaratado nunha das máis cruentas guerras da historia americana.

No caso de Victorino Abente y Lago, a decisión inicial de non regresar a Bos Aires debía-se á necesidade de subsistir despois do seu despido por negarse a remitir artigos en defensa dos intereses arxentinos na Guerra da Tripla Alianza, pois a natureza imperialista dese conflito xa era obxecto de gran polémica nos periódicos riopratenses (Baratta 2015, 2016). Empezou a colaborar con crónicas da vida social e política na sección “Mesa Revuelta” de *El Pueblo* (1870-1872), a continuación de *La Voz del Pueblo* (1870), sendo aquel dirixido polo hispano-arxentino Miguel Macías (redactor xefe e editor) e o paraguaio Florencio Fredes (director tipográfico), pero tal emprego só sería o comezo dunha moi dilatada traxectoria no eido do xornalismo. Ao longo das seguintes décadas, Abente y Lago sería un prolífico colaborador de diversos xornais e revistas, entre os cales sobresaen polo número dos seus textos publicados *El Tiempo* (1891-1893), en que veu á luz unha colección de caricaturas de tipos sociais como *La solterona* ou *El intrigante*; *La Prensa* (1898), fundada polo historiador paraguaio Blas Garay, amigo do poeta, quen puxo Abente a cargo da redacción; *El Liberal*, onde atopamos unha serie de poesías socio-críticas e relixiosas dos anos 1913 e 1914; e *El Orden* (1923-1935), de Gualberto Cardús Huerta e Félix Paiva (presidente do Paraguai 1921, 1937-1939), entre cuxas columnas destacan as catorce *Epístolas* de carácter político enderezadas ao poeta Alejandro Guanes.

3. *La Sibila paraguaya* (1886): o poema e a súa recepción

Así establecido o contexto histórico no que se enmarcan a súa vida e obra, pretendemos realzar un primeiro achegamento ao legado cul-

tural de Abente y Lago analizando un poema en concreto, *La Sibila paraguaya* (1886)⁴, que ao xuízo dos seus contemporáneos, e tamén ao noso, debe considerarse a súa obra máis influente. Clarificamos que esta análise se fai dende unha perspectiva histórica sen tocar cuestións de estilo poético ou lingüística, malia que tamén pagaría a pena realizar esa tarefa nun futuro estudo de índole máis literaria.

As primeiras liñas do poema serven de posta en escena. Unha muller paraguaia, a epónima Sibila, fala a soas nas ruínas do seu país, terras saqueadas e arrasadas durante a Guerra da Tripla Alianza:

En solitaria ruina
Donde el recuerdo se encierra
De aquella cruenta guerra
Que tanto al dolor inclina,
Dijo una voz peregrina
Que con dulcísimo acento,
Mezcla de triste lamento
Y de profético canto,
Gozo infundía y quebranto
En un mismo sentimiento:

A Sibila é a patria mesma, antropomorfizada, o cal até certo punto diferencia esta poesía da meirande parte do romanticismo no Cono Sur, onde a práctica máis habitual era representar a patria como un heroe masculino (Marcos 2004: 481). Porén, a Sibila reflicte asemade a realidade histórica das ‘residentas’, a maioría feminina de superviventes da Guerra, prisioneiras en moitos casos, compañeiras dos soldados ou entregadas a unha loita desesperada por subsistir en zonas de monte afastadas dos focos de conflito. Esta loita, baixo a óptica rosada do nacionalismo, máis tarde “forma parte del folklore local la idealización de la guerra y, dentro de la bendita idealización, el culto romántico a la residenta, a la heroica mujer del Paraguay que acompañó, pacientemente, al hombre en todos los infortunios” (Rodríguez-Alcalá 2007: 9)⁵.

Se ben a Sibila lamenta o destino dun país “envuelto en sombras de muerte”, un dos principais propósitos discursivos é enaltecer as

⁴ O poema pode consultarse (malia que con algunha pequena errata na transcripción) en: <https://www.poeticous.com/victorino-abente-y-lagos/la-sibila-paraguaya?locale=es> [consulta: 30/04/2019].

⁵ Abente y Lago xa relatara as experiencias dunha residenta en *El Pueblo* entre o 4 e o 5 de decembro de 1870. “La historia de Silvia” conta con que estoicismo a súa protagonista aturou o calvario de perder o seu pai francés, executado baixo sospeita de ser *pytagua* (‘forasteiro’, neste caso coa connotación engadida de ‘traidor’), enterrar a súa nai e coidar os seus irmáns menores ao sufriren todo tipo de privacións. Trátase dun precioso documento histórico e un caso interesante de polifonía nas fontes. A narración pasa primeiro polo filtro de como Silvia desexa contar o que viviu, pero logo Abente escolle como redactar e organizar este texto sobre unha muller con que, segundo escribe noutros números de *El Pueblo*, el tiña unha relación sentimental naquela época e que tendía a idealizar.

heroicas fazañas do pobo paraguaio na súa lide contra o invasor:

Los hechos de alta memoria
Que tu gran valor aclama,
Los eterniza la fama
En los fastos de la Historia.
Tuya es ¡Oh Patria! la gloria
De aquella lucha tremenda,
Cuando en desigual contienda
El más sublime heroísmo
En aras del patriotismo
Te dio su mejor ofrenda.

Con tal fin, o poema fai referencia a algunhas das máis famosas das súas batallas, como Curupayty (22 de setembro de 1866), a maior vitoria paraguaia da Guerra da Tripla Alianza:

Y mientras todo lo acalla
El peso de tanta pena,
Dice una voz que resuena
En los campos de batalla:
—Aquí estuvo la muralla
De Curupayty famoso,
Donde mostró poderoso
Su ardimiento el paraguay
Y envió la gloria un rayo
De su centro esplendoroso.

Curupayty chegaría a constituírse como peza fundamental da memoria histórica paraguaia respecto á Guerra. As procesións do 22 de setembro para conmemorar a batalla e o xeneral martirizado José Eduvigis Díaz ían convocándose a partir de 1900, cando asistiron uns 5.000 cidadáns (Caballero Campos 2013: 37). Tamén tería unha importancia particular para a familia do poeta porque o pai da súa esposa, Isabel Myskowsky Argaña, alí falecera. No poema *La muerte de un polaco*, Abente y Lago homenaxea o sacrificio do coronel Luis Myskowsky, desterrado en certo momento a causa da súa participación nas loitas independentistas polacas e chegado ao Paraguai, onde presumiblemente se identificara coa súa loita contra poderes estranxeiros. O escritor e político paraguaio Manuel Domínguez, nun artigo de 1913, afirma que se trata de “una bella composición, hoy casi desconocida, pero muy conocida en otro tiempo, historia en verso, donde las exigencias del ritmo y la rima, no excluyeron la precisión infalible” (*apud* Abente y Lago 1984: 61).

La muerte de un polaco comparte a súa temática bélica con *La Sibila paraguaya*. Á parte dos eloxios ao heroísmo dos combatentes, no caso destouta produción hai que subliñar unha segunda mensaxe principal que busca impartir. Despois de contar as glorias do exército nacional, a Sibila vaticina un porvir igualmente glorioso para a súa patria:

Yo, que tu bien vaticino,
En lo futuro te veo
Más grande que mi deseo
En el cerro del destino.
Y por radiante camino
Marchas ovante y segura
Al cielo de la ventura
Que en lo porvenir se expande;
Ventura grande, tan grande
Como lo fué tu amargura.

A imaxe heroica do carácter paraguaio e a promesa dun futuro próspero foron ben recibidas polos contemporáneos de Abente. A primeira lectura pública da obra fíxose no Ateneo Paraguayo, a primeira institución cultural privada do país, operativa entre 1883 e 1889 (Cardozo 2007: 291). Neses anos o Ateneo sería un lugar de reunión privilexiado para a elite intelectual, un dos tres ‘clubs aristocráticos’ asuncenos xunto ao Club Familiar e o Club Progreso, que eran máis ben de orde social⁶. O primeiro Cónsul-Xeral español no Paraguai, o andaluz José Sánchez Bazán, que foi elixido presidente do Ateneo Paraguayo en 1885, destacaría o interese das conferencias alí lidas como vía de progreso cultural (Sánchez Bazán 1887: 19). Por exemplo, uns meses antes da estrea de *La Sibila paraguaya*, o avogado paraguaio Alejandro Audibert falou sobre os principios básicos da economía política, e pouco despois o antes mencionado Ramón Zubizarreta, tamén doutor en Dereito, versaría sobre a Constitución de 1870. Nos seguintes termos avaliaría un comentarista estes relatorios, laiándose de que non estivesen máis concorridos:

¡Ojalá sacuda nuestra juventud esa reprochable apatía en que se mantiene y asista con más frecuencia á las reuniones que ofrece el Ateneo!

Debemos estimular con nuestra presencia á esos señores que han tomado sobre sí la pesada tarea de difundir conocimientos tan útiles como indispensables para el ciudadano⁷.

⁶ “¿En qué quedó?”, *La Democracia* (Asunción) 06/11/1886 [autor anónimo].

⁷ “Conferencia en el Ateneo”, *La Democracia* (Asunción) 23/06/1886 [autor anónimo].

Victorino Abente y Lago probablemente recitase *La Sibila paraguaya* nunha festa do 24 de outubro de 1886 para celebrar o terceiro aniversario do Ateneo Paraguayo. O entón presidente da asociación, Benjamín Aceval –outro avogado que, como Audibert, sería un dos máis tenaces defensores dos dereitos legais do Paraguai sobre o territorio do Chaco, fronte ás reclamacións bolivianas–, dirixiulle unha carta a Abente para “expresar su reconocimiento por la valiosa cooperación que le ha prestado Usted en dicha fiesta y que ha contribuido poderosamente a darle amenidad y brillo” (Abente y Lago 1984: 433).

Tamén lle escribiu José Segundo Decoud. A súa carta a Abente publicouse o 9 de novembro en *El Orden*, xornal propiedade do español Cristóbal Campos y Sánchez, e reproduciuse en 1897 na edición impresa de *La Sibila paraguaya* (significativa por ser a única obra de Abente que se editou en América durante a súa vida). Na súa misiva, Decoud felicita o muxián pola gratísima impresión que a súa lectura causara sobre o público do Ateneo:

Ha tenido Vd. una feliz inspiración al hacer surgir de “Solitaria ruina donde el recuerdo se encierra de aquella terrible guerra” la profecía del porvenir de la Patria, cantada por sibila paraguaya, como la Grecia escuchó en un tiempo atónita de aquellas hijas amadas de la divinidad oráculos impregnados de sabiduría y patriotismo que decidieron de su suerte en más de una ocasión. (Abente y Lago 1897: 5)

A carta remata asegurando que “son sus estrofas los primeros cantos épicos que resuenan en el corazón de la patria y hacen vibrar las fibras del patriotismo” (*Ibid.*: 12). É unha frase que parece profetizar a influencia que *La Sibila paraguaya* estaba destinada a exercer na cultura paraguaia. Os porqués deste impacto ‘abentián’ sobre o desenvolvemento das letras e o pensamento nacionalistas no Paraguai son a calidade lírica que se lles atribuíu aos seus versos, por unha banda, e por outra a idoneidade da conxuntura histórica en que *La Sibila paraguaya* se compuxo. Estes factores examínanse no seguinte apartado.

4. O legado cultural de Victorino Abente y Lago

“El valor real del poeta debe buscarse en la influencia que ejerció sobre su generación” (Centurión 1951: 43). Escrita antes das grandes renovacións teóricas que afectaban as ciencias sociais de modo xeneralizado nos anos sesenta

en adiante, esta afirmación de Carlos Centurión no terceiro volume da súa *Historia de las letras paraguayas* agora pode parecer demasiado limitada. Dende hai tempo a vida dun campesiño, por exemplo, pode interesarlles aos historiadores tanto como a dunha raíña, ao igual que un poema inédito pode ser unha fonte tan útil, polo que nos di sobre o pasado e o seu autor, como unha composición célebre. Ao mesmo tempo, para comprendermos os procesos de cambio nunha cultura ou avaliar o impacto directo e indirecto que as obras dun artista tiveron, buscar esa influencia á que se refire Centurión non deixa de ser un método válido entre outros.

No caso da influencia literaria de Victorino Abente y Lago, podemos recorrer aos escritos dos seus contemporáneos e aos xuízos que estes pronunciaron acerca do seu legado cultural. O exemplo máis explícito desta influencia é o poeta Alejandro Guanes, quen redactaba unha sección en *El Orden* titulada “El Sobrino de Camándulas” en referencia a Tío Camándulas, un dos pseudónimos empregados por Abente (Centurión 1948: 174). En 1924 os dous poetas intercambiaron as arriba mencionadas *Epístolas*, nunha das cales Abente lle estende unha invitación a Guanes para visitar a súa casa, “conversar largo y tendido” (Abente y Lago 1984: 386), e onde:

Comerás un arroz con calamares,
Un pisto a la española, y una sopa
Como se estila en los gallegos lares;

Guanes publicou, ademais, un poema en que se refería concretamente á transcendencia de *La Sibila paraguaya*. O poema de Guanes, “¡Canta!” (1911), xa inserido no modernismo paraguaio polas súas mudanzas internas de rexistro e ritmo, amais pola representación dun silencio prolongado na traxectoria poética do muxián a través dunha comparación alegórica entre el e un sabio persa, anima Abente y Lago a retomar a súa pluma (Abente y Lago 1984: 407-408):

Viejo poeta florido
Que arrullaste el despertar
De mi Patria lacerada,
Que en frondoso naranjal
Viste a aquella paraguaya
Suspirando sin cesar,
Hija de ignorado héroe [alude a Francisco Solano
López]
Muerto en el [río] Aquidabán.

Viejo poeta divino
Que con arte magistral
La Sibila Paraguaya

Hiciste altiva brotar
Con palabra radiante

(...)

Mas no, ya el arpa sonora
Descuelgas del naranjal:
¡Canta, viejo vate, canta,
Homero del Paraguay!

Outro autor que consideraba Abente y Lago como máximo poeta nacional era Cecilio Báez, membro do Ateneo Paraguayo e presidente da república entre 1905 e 1906. Nun artigo de 1914, Báez colocaría a obra de Abente no chanzo máis alto da literatura americana:

Las estrofas de la Sibila Paraguaya, que yo hice leer a Juan de Dios Peza, en México, sirvieron de motivo a este eximio cultor de las letras americanas, para componer su canto al Paraguay, que, aunque hermoso, no reproduce las notas vibrantes de su modelo.

El Señor Abente (...) ha venido a ser en el Paraguay, el cantor de sus maravillas naturales y de sus gestas históricas, o sea, de la gran epopeya de la patria.

La crítica literaria aquilatará alguna vez el mérito de sus obras; a la historia sólo le incumbe anotar que el Paraguay joven, redimido por la libertad, encontró en el noble hijo de Mujia, su Zorrilla de San Martín [Uruguay], su Andrade [Brasil] y su Olmedo [Ecuador]. (*apud* Abente y Lago 1984: 420)

A opinión de Guanes de que Abente ‘arrolou o espertar’ da patria na súa consagración no panteón dos grandes poetas por parte de Báez representan, é certo, unha perspectiva de elites. Unha faceta máis popular do recoñecemento de Abente na sociedade paraguaia son as palabras de Silvano Mosqueira no ensaio *Los españoles en el Paraguay*. Mosqueira cita *La Sibila paraguaya* e a *Balada* (1896)⁸, sendo esta dunha temática case idéntica á da Sibila, e menciona a súa difusión entre o público como canción de berce:

¿Qué paraguayo, de la generación posterior a la guerra, no ha sentido, cual notas punzantes brotadas del alma de sus antepasados, arrullarse su cuna a los melancólicos acentos de aquella elegía en que, de modo tan natural y tan sencillo, y con tanta ternera, se canta el dolor de la doncella paraguaya? (Mosqueira 1930: 113)

A resposta a esta pregunta retórica de Mosqueira non está tan clara. O Paraguai do tardío século XIX era un país maioritariamente monolingüe en guaraní, o cal limitaría o alcance dunha composición en español. Non obstante, é plausible que esas afirmacións sexan verdadeiras no que concirne ás principais cidades e vilas, como Asunción ou Carapeguá, onde naceu Mosqueira e onde o español se falaba con máis frecuencia.

Mentres que Mosqueira se refire á influencia directa da obra de Abente y Lago como presenza cotiá na infancia dos paraguaios desa xeración, a súa influencia indirecta como factor moldeador no pensamento nacionalista é igualmente importante. Como reacción auto-defensiva a causa do case aniquilamento nacional efectuado polos aliados da Tripla Alianza, a ocupación directa do seu territorio até 1876, as continuadas inxerencias deses mesmos estados na política a partir desa data, máis a hexemonía económica do capital anglo-argentino, a finais do século XIX e principios do XX “el pueblo paraguayo se verá compelido a construir un blindaje nacionalista, hasta el extremo que el patriotismo se convertiría en sentido común en el seno de la sociedad civil” (Coronel 2011: 66-67). Os motivos desta consolidación ideolóxica do nacionalismo son principalmente político-económicos, pero no tocante ás fórmulas precisas que promulgaban os seus ideólogos, Abente y Lago exerceu unha influencia innegable. Dito doutra maneira, non se trata dunha cuestión de *por que*, senón de *como* o nacionalismo cristalizou na cultura paraguaia.

Aquí cabe preguntarse que tiña *La Sibila paraguaya* para que a intelectualidade a recibise tan positivamente dende o primeiro momento. Nos tres lustros posteriores á Guerra da Tripla Alianza, lográrase certa normalización da situación política, especialmente coa consolidación no poder do bloque de Bernardino Caballero (presidente 1880-1886); había máis liberdade de prensa, amnistía para os exiliados, unha oposición nas cámaras e un incipiente crecemento económico (Rivarola 2010: 43). Daquela, o Paraguay de 1886 estaba preparado para ollar cara ao futuro cun maior grao de optimismo. Foi o momento idóneo para garantir o éxito dunha poesía destas características.

⁸ Unha gravación da *Balada* polos cantantes Dora del Cerro e Roberto González pode escoitarse en: <https://www.youtube.com/watch?v=uSz7hAGiBK8> [consulta: 02/052019].

Estas posibilidades de éxito víanse favorecidas pola decisión de Abente de aplicar universalmente os descritores ‘heroe’ e ‘patriota’ a todos os paraguaios, sen culpar nin apoiar os exércitos aliados (que contaban coa presenza de paraguaios inimigos dos López –os *Legionarios*–) nin o réxime de Francisco Solano López. Isto é significativo porque até entón, durante as inmediatas secuelas da Guerra, as causas e as implicacións reais da conflagración e a segregación mental dos seus protagonistas entre os ‘bos’ e os ‘malos’, algo que as persoas inevitablemente realizarían en privado, foran temas pouco máis que proscritos no discurso público e na prensa. Isto debíase á necesidade de manter un mínimo nivel de convivencia entre as faccións políticas ‘brasileirista’ e ‘arxentina’ e dentro de gobernos nos cales podían figurar cidadáns que apoiaran os aliados durante a Guerra (como era o caso da familia Decoud ou Salvador Jovellanos –presidente 1871-1874–), xunto a ex militares que serviran o goberno de Francisco Solano López (como Bernardino Caballero, o seu antecesor Cándido Bareiro –presidente 1878-1880– ou o seu sucesor Patricio Escobar –1886-1890–), aínda que cunha preponderancia destes últimos unha vez que os aliados abandonasen o país (Rodríguez Alcalá 2011: 16; Caballero Campos 2013: 23). Neste complicado contexto, Abente y Lago soubo rescatar a temática bélica do seu silencio forzado cunha visión nacional unificadora e apolítica, pero coa orixinalidade de agoirar un futuro mellor, próspero e feliz –un elemento novidoso nese país derrotado e case indixente.

Máis alá da súa ampla aceptación entre os paraguaios de 1886, esta visión influiría no pensamento da seguinte xeración de intelectuais, a chamada *Generación del 900*, a primeira nacida despois da Guerra. Os novecentistas non eran un grupo homoxéneo, como se pode apreciar no exemplo dos tres que xa citamos: Silvano Mosqueira era un entusiasta defensor do Partido Liberal; Manuel Domínguez era un político vencellado ao Partido Colorado; e Alejandro Guanes xeralmente se asociaba a tarefas puramente literarias e menos reivindicativas. Porén, a maior parte dos integrantes da *Generación* si compartían unha mesma educación recibida nas aulas do Colegio Nacional e da Universidad Nacional, guiados por profesores entre os que predominaban os estranxeiros, especialmente os españois, e como misión común procuraban actualizar as formas de pensamento e vida vixentes no seu país (Pérez-Maricevich *et al.* 2010: 24-25).

Neste sentido, a historiografía sería unha preocupación constante para os novecentistas. Eles tomaban a Guerra da Tripla Alianza como punto de partida para examinar a ‘cuestión nacional’: como fose, era e debía ser o Paraguai (Brezza 2009: 64). Ante a necesidade de reconstruír a patria, tanto física como espiritualmente, a liña historiográfica que terminou monopolizando o discurso público –sobre todo despois dunha coñecida polémica en 1902 entre Cecilio Báez e o novecentista Juan O’Leary, cando o clamor popular lle conferiu a vitoria moral a O’Leary– era unha historia ‘terapéutica’. Esta restituiría a memoria colectiva dunha suposta época de bonanza, arrebatada durante a Guerra, e na cal os paraguaios perseveraban e seguirían perseverando grazas ao seu heroísmo racial, “aunque fuera necesario olvidar las faltas de los actores del pasado” (Brezza 2009: 69-74). Precisamente será esta historia terapéutica e patriótica a que máis tarde se convertería en ‘historia oficial’.

A influencia de Abente e a interpretación histórica de *La Sibila paraguaya* resultarían cruciais neste proceso. De acordo con Raúl Amaral:

Sin él no hubiera sido tan fácil incorporar la temática de la tierra y de la historia a un ambiente sobre el que se habían enseñoreado, y no por culpa propia, la desolación y la tristeza. A este respecto no estará demás recordar que sería el magisterio de Abente el que posibilitara la reivindicación patriótica de O’Leary, en alguna medida discípulo suyo, hasta en aquella denominación de “cantor de las glorias nacionales”, de la que Don Victorino es precursor. (Abente y Lago 1984: 11)

Juan O’Leary confesaría este impacto sobre o seu propio modo de pensar. En 1923 publicou na revista *Patria* un artigo titulado “Al patriarca de nuestra poesía se le debe un homenaje nacional”. O’Leary declara que:

Nuestra joven intelectualidad, tal vez ignora que aún vive el patriarca de nuestra poesía, el primer intérprete del sentimiento nacional, el cantor auroral de (...) la SIBILA PARAGUAYA (...) Abente pertenece, indudablemente, al pasado; es como una sombra que pasa en medio de su posteridad, escuchándose en los que han sido sus lirias, en la brillante prole que ha continuado su obra... sin recordarlo, sin detenerse a contemplar al maestro, sin consagrarle siquiera el homenaje de su respeto, de su admiración y de su cariño. (...) Pero, apegados al culto de las cosas nuestras, hemos ido a buscar en las literaturas extranjeras, sin empezar por conocer lo nuestro,

lo genuinamente nuestro, y que siéndolo, no está por debajo de lo mejor que han producido las letras americanas. (...) Y Abente es gloria del Paraguay. Es nuestro, aunque nació en España. (*apud* Abente y Lago 1984: 408-409)

Nesta cita de O’Leary xa se nota como comezaba a medrar a sombra de esquecemento que cobre e oculta a figura de Abente y Lago na actualidade. A xuventude non sabía que el seguía vivo, e O’Leary daba un paso máis ao dicir que moitos nin o lembraban⁹.

Son varios os motivos deste esquecemento, como a natureza efémera das publicacións periódicas, a pobreza do sistema educativo ou o devir intelectual da *Generación del 900* que lle daba prioridade á historia e á filosofía fronte á poesía, á novela e ao teatro, “soslayados (...) por ser vistos como superfluos en el proceso de crear conciencia histórica” (Brezzo 2009: 68). Dito de maneira breve, podemos propor que a influencia de Abente era directa e recoñecida entre os seus coetáneos, directa e parcialmente recoñecida entre os novecentistas, e posteriormente indirecta como parte invisible dos alicercos do nacionalismo paraguaio.

5. Conclusión

Coas interpretacións aquí propostas pretendiamos demostrar que a traxectoria vital de Victorino Abente y Lago, lonxe de ser unha mera nota de rodapé nas historias galega e paraguaia, precisa dun proceso de indagación bastante máis intensa que a realizada até o momento. Esta contribución expón algúns trazos sobresaiñtes do seu protagonista; queda patente a estima persoal e intelectual que os ‘grandes

homes’ da historia paraguaia sentían polo poeta muxián, dende José Segundo Decoud, un dos principais arquitectos da política estatal do século XIX, aos máis destacados promulgadores do nacionalismo, Manuel Domínguez e Juan O’Leary, os cales vían Abente como un precursor das súas propias reivindicacións e cuxas teorías aínda inflúen na memoria e cultura dese país (Brezzo 2009: 76).

Seleccionamos *La Sibila paraguaya* como obxecto de estudo por tratarse dunha obra senlleira en termos do seu impacto directo, da frecuencia con que a citaban os amigos e admiradores do poeta, e polo feito de terse editado como libro durante a súa vida. Pero cómpre reiterar que existen outros centenaes de escritos de Abente y Lago en prosa e verso; por tanto, hai moito terreo por cubrir. Por exemplo, Rivarola (2010: 169) sinala a composición *La huelga de zapateros* (1911) como unha das primeiras veces en que a loita obreira aparece na literatura paraguaia. No eido dos estudos galegos, para alén das poesías que Abente escribiu en Galicia, sobre Galicia e/ou en galego, debería avaliarse en que medida a presenza e a obra deste persoeiro da diáspora galega pode considerarse como unha ‘proxección’ da cultura galega en América. Será necesario identificar as ideas e os prexuízos sobre literatura, xornalismo, goberno e nación que caracterizaban os seus textos, e determinar se nas obras deste discípulo de Núñez de Arce (Plá 1985: 116), non haberá tamén unha corrente rosaliana ou pondaliana, por exemplo. En definitiva, o presente artigo non se concibe como un estudo completo e pechado, senón que aspira a servir de punto de partida para futuras pesquisas.

6. Referencias bibliográficas

- Abente y Lago, Victorino (1870): “La historia de Silvia”, *El Pueblo* (Asunción) 4-5/12/1870.
 ——— (1897): *La Sibila paraguaya*. Bos Aires: J. Peuser.
 ——— (1984): *Antología poética, 1867-1926. Recopilación de Cándido Samaniego Abente*. Asunción: Editora Litocolor.
 Amaral, Raúl (1980): “Viriato Díaz-Pérez y la Generación del Novecientos”, en V. Díaz-Pérez, *Literatura del Paraguay*. Palma de Mallorca: L. Ripoll, vol. 1, pp. 3-156.
 Baratta, María Victoria (2015): “¿Aliados o enemigos? Las representaciones de Brasil en el debate público argentino durante la Guerra del Paraguay, 1864-1870”, *Revista de Historia* 172, pp. 43-75, <https://www.revistas.usp.br/revhistoria/article/view/89558>.

⁹ Incluso parece posible que este artigo de O’Leary asustase Abente e provocase o seu retorno ás rotativas para impedir ese esquecemento. Na súa *Antología poética* non se reproduce ningún poema composto entre 1917 e 1923, agás unha improvisación recollida por un terceiro cando Abente tiña 78 anos en 1922 ou 1923, pero en cambio aparecen máis de vinte escritos en 1924 e 1926.

- (2016): “Representaciones de la posguerra. Soberanía, nación e independencia en la prensa paraguaya durante la ocupación aliada, 1869-1876”, *Boletín Americanista* 72/3, pp. 15-35, <http://revistas.ub.edu/index.php/BoletinAmericanista/article/view/17013>.
- Beraud, Carlos (1904): *Guía comercial e industrial del Paraguay*. Asunción: Carlos Beraud.
- Brezzo, Liliana M. (2009): “El Paraguay en cinco momentos historiográficos: retos y perspectivas”, en J. Manuel Casal e T. L. Whigham (eds.), *Paraguay: el nacionalismo y la guerra. Actas de las Primeras Jornadas Internacionales de Historiografía del Paraguay en la Universidad de Montevideo*. Asunción: Servilibro, pp. 61-79.
- Caballero Campos, Herib (2013): “En búsqueda de un héroe: la construcción de la figura heroica del general José E. Díaz, Paraguay; 1867-1906”, *Temas Americanistas* 32, pp. 22-44, <https://idus.us.es/xmlui/handle/11441/31716>.
- Carballo Calero, Ricardo (1975): *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.
- Cardozo, Efraím (2007): *Apuntes de historia cultural del Paraguay*. Asunción: Servilibro.
- Carré Aldao, Eugenio (1911): *Literatura gallega*. Barcelona: Casa Editorial Maucci.
- Centurión, Carlos R. (1948): *Historia de las letras paraguayas. Vol. II*. Bos Aires: Editorial Asunción.
- (1951): *Historia de las letras paraguayas. Vol. III*. Bos Aires: Editorial Ayacucho.
- Coronel, Bernardo (2011): *Breve interpretación marxista de la historia paraguaya (1537-2011)*. Asunción: Arandurá Editorial.
- Hansen, Felipe V. (2008): “El general de sanidad militar Ezequiel Abente y Lago (1841-1923)”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 55/121, pp. 389-403, <http://estudiosgallegos.revistas.csic.es/index.php/estudiosgallegos/article/view/49/49>.
- Llano, Mariano (2003): *Historia de la asociación rural y de la ganadería paraguaya desde la colonia hasta las grandes estancias después del 70*. Asunción: Ricor Grafic S.A., vol. 1.
- Marcos, Juan Manuel (2004): “No cantéis más, poetas (en torno al postmodernismo paraguayo)”, en C. García e D. Reichhardt, *Las vanguardias literarias en Argentina, Uruguay y Paraguay: bibliografía y antología crítica*. Madrid / Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert, pp. 201-210.
- Morales Raya, Eva (2015): *La emigración catalana a Paraguay entre finales del siglo XIX y principios del XX: sociedad, cultura, política*. Tese de doutoramento inédita. Barcelona: Universitat de Barcelona.
- Mosqueira, Silvano (1930): *Siluetas femeninas. Los españoles en el Paraguay. El ocaso de los grandes hombres*. Asunción: La Colmena.
- Pérez-Maricevich, Francisco; Ignacio Roldán Martínez; Rodrigo Colmán Llano; Carlos Sosa Rabito y Amalia Ruiz Díaz (2010): *Historia cultural del Paraguay. 2ª parte*. Asunción: El Lector.
- Plá, Josefina (1985): *Espanoles en la cultura del Paraguay*. Asunción: Araverá.
- Rivarola, Milda (2010): *Obreros, utopías & revoluciones. Formación de las clases trabajadoras en el Paraguay liberal (1870-1931)*. Asunción: Servilibro.
- Rodríguez Alcalá, Javier (2011): *Notas sobre La Verdad Autógrafa de Plácido Casaús. De la imagen del poder al poder de las imágenes*. Asunción: Ediciones Cabildo Bicentenario.
- Rodríguez-Alcalá, Guido (ed.) (2007): *Residentas, destinadas y traidoras. Testimonio de mujeres de la Triple Alianza*. Asunción: Servilibro.
- Sánchez Bazán, José (1887): *El dictador Francia y otras composiciones en verso y prosa*. Madrid: Est. Tipográficos de Ricardo Fé.
- Segatto, Bruno Félix (2016): “Imprensa, debates públicos e poder político no Paraguai durante os primeiros anos de ocupação aliada (1869-1870)”, *Revista Eletrônica da ANPHLAC* 20, pp. 222-255, <http://revistas.fflch.usp.br/anphlac/article/view/2471>.
- Teijeiro Martínez, Benigno (1882): *El Paraguay: memoria bajo el punto de vista industrial y comercial en relación con los países del Plata*. Bos Aires: Establecimiento Tipográfico Calle de Perú núm 107.
- Webb, Philip Duncan (2019): “La emigración gallega a Paraguay (1870-1932): familia, identidad y cultura en un país de destino atípico”, en A. Martínez Riaza e M. Luque Talaván (eds.), *América: problemas y posibilidades*. Madrid: Ediciones Complutense, pp. 417-431.